



| Guía Docente          |  |                    |   |           |
|-----------------------|--|--------------------|---|-----------|
| Datos Identificativos |  |                    |   | 2020/21   |
| Asignatura (*)        | Proxectos 2  |                    | Código  | 630G02006 |
| Titulación            |  |                    |   |           |
| Descriptores          |  |                    |   |           |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo  | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Segundo            | Obrigatoria   | 6         |
| Idioma                | CastelánGallegoInglés  |                    |   |           |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |   |           |
| Prerrequisitos        |  |                    |   |           |
| Departamento          | Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición   |                    |   |           |
| Coordinación          | Muñoz Fontenla, Luis W   | Correo electrónico | l.w.munoz.fontenla@udc.es   |           |
| Profesorado           | Di Felice Vázquez, Mario Francisco<br>Iglesia Perez, Manuel de la<br>Lopez Bahut, Maria Emma<br>Muñoz Fontenla, Luis W<br>Vazquez Diaz, Sonia  | Correo electrónico | m.difelice@udc.es<br>m.iglesia1@udc.es<br>emma.lopez.bahut@udc.es<br>l.w.munoz.fontenla@udc.es<br>sonia.vazquez.diaz@udc.es |           |
| Web                   |  |                    |   |           |
| Descripción xeral     | <p>En Proxectos 2 elíxese un ámbito xeográfico do territorio galego para o emprazamento e desenvolvemento dos exercicios. A selección está en función do interese paisaxístico, cultural e patrimonial do lugar e da pertinencia e adecuación do mesmo aos obxectivos e exercicios expostos.</p> <p>Os traballos do cuatrimestre, situados nun mesmo ámbito xeográfico, ordénanse por fases sucesivas relacionadas entre si.</p> <p>Un obxectivo fundamental é ensinar ao alumno para proxectar desde o lugar, a partir do medio físico natural/rural e o seu espírito, para o que deberá desenvolver habilidades e estratexias específicas.</p> <p>O método docente baséase en "aprender facendo" nun lugar concreto. Os temas dos dous exercicios cuatrimestrais propostos serán de dificultade crecente. Trátase de fomentar unha progresión na aprendizaxe coa que o propio alumno senta estimulado.</p> <p>O concepto do espazo arquitectónico, a súa expresión formal e a relación co lugar deben conformar unha parte esencial dos coñecementos adquiridos.</p> |                    |   |           |



|                      |  |
|----------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos<br/>Non se modifican os contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen:<br/>Actividades iniciais, Análise de fontes documentais, Lectura e Esquema.<br/>*Metodoloxías docentes que se modifican:<br/>Sesión maxistral, Proba obxectiva, Discusión dirixida e Taller: Realizaranse de modo non presencial. Saída de campo: axustarase ás posibilidades.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>Ferramentas empregadas / Temporalización:<br/>Correo electrónico / Permanente<br/>Moodle / Permanente<br/>Teams / Segundo calendario oficial</p> <p>4. Modificacións na avaliación<br/>Non se modifican as condicións de avaliación.<br/>*Observacións de avaliación:<br/>As probas obxectivas realizaranse de modo non presencial.<br/>Para os alumnos estranxeiros poderase substituír a proba obxectiva por un traballo tutelado proposto polo profesor.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br/>Non hai modificacións.</p> |
|----------------------|--|

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe   |  |                                     |        |
|---|--|-------------------------------------|--------|
| Resultados de aprendizaxe   |  | Competencias / Resultados do título |        |
| O resultado da aprendizaxe da materia é o coñecemento esencial e específico do título de Grado: a capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvimento de proxectos básicos e de execución, esbozo e anteproxectos. |  | A34                                 | B1 C1  |
|   |  | A37                                 | B2 C3  |
|   |  | A39                                 | B3 C4  |
| Na preparación e desenvolvimento do curso e na selección de lugares e proxectos prestarase especial atención ao respecto pola natureza e ao emprego de boas prácticas ambientais.   |  | A50                                 | B6 C5  |
|   |  | A53                                 | B10 C6 |
|   |  | A55                                 | B12 C7 |
|   |  | A56                                 |        |
|   |  | A57                                 |        |
|   |  | A63                                 | C8     |

| Contidos |          |  |
|----------|----------|--|
| Temas    | Subtemas |  |



|   |  |
|---|--|
| 1_COMPRENDER/COÑECER UN LUGAR.<br>Entende-lo territorio contextualmente como un soporte complexo de realidades naturais e antropolóxicas.                                       | 1.1. Coñecemento presencial do lugar designado.<br>-Identidade do lugar.<br><br>1.2. Análise do espazo dende diferentes perspectivas: xeográfica, paisaxística, cultural e histórica.<br>-Recursos e métodos.<br><br>1.3. Síntese persoal do lugar.  |
| 2_APREHENDER UN LUGAR.<br>Relacións entre o lugar e a arquitectura.<br>Ámbito natural: Medio natural / Unidade de paisaxe,<br>Medio natural / Medio artificial do núcleo rural. | 2.1. As preexistencias.<br><br>2.2. A escala como recurso.<br>-Noción de escala do medio natural.<br><br>2.3. Espazo comunitario e espazo privado.<br>Categorías espaciais.  |
| 3_PROXECTAR O LUGAR.<br>A ocupación e vivencia dun espazo de carácter natural-rural.  | 3.1. Obxectivos.<br>-Desenrolo de elementos propios do ámbito natural-rural.<br>-Condicionantes de relación: preexistencias naturais/artificiais, paisaxe, estruturas do lugar (topografía, clima, escala, materialidade-tectónica, viarios, etc.).<br><br>3.2. Espazo arquitectónico exterior-interior.<br>- Tramas, texturas, límites, proporcións, ritmos, formas, escala, percepción háptica, luz.<br><br>3.3. Cometidos.<br>-O espazo como medio social.<br>-O espazo como medio funcional. |
| 4 PROCESOS.<br>Desenrolo dun sistema de ferramentas para o proxecto arquitectónico.   | 4.1. Elaboración do proxecto a través de bosquejos, esquemas, planos, maquetas.<br>-Ideación como articulación.<br>-Formalización como concreción.   |

## Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Actividades iniciais  | A34 A37 A53 A55<br>A56 A57 B3 B12 C4   | 1                                       | 0                       | 1            |
| Sesión maxistral      | A34 A37 A39 A50<br>A55 A56 A57 B6 B10<br>B12 C8  | 10                                      | 0                       | 10           |
| Proba obxectiva       | A34 A37 C1 C3  | 4                                       | 0                       | 4            |
| Discusión dirixida    | A34 A37 C1 C6  | 6                                       | 0                       | 6            |
| Saídas de campo       | A34 A37 A55 A56<br>A57 B12 C4 C8   | 4                                       | 0                       | 4            |
| Obradoiro             | A34 A37 A39 A50<br>A53 A55 A56 A57<br>A63 B1 B2 B3 B6 B10<br>B12 C1 C3 C4 C5 C6<br>C7 C8 | 24                                      | 73                      | 97           |



|   |                               |    |   |    |
|---|-------------------------------|----|---|----|
| Análise de fontes documentais   | A34 A37 A53 A55<br>A56 A57 B6 | 0  | 6 | 6  |
| Lecturas  | A34 A37 B1 B2 B3 B6           | 0  | 6 | 6  |
| Esquemas  | A34 A37 A53 A55<br>A56 B6     | 0  | 6 | 6  |
| Atención personalizada  |                               | 10 | 0 | 10 |
| <b>*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado</b> |                               |    |   |    |

**Metodoloxías**

| Metodoloxías                  | Descripción   |
|-------------------------------|---|
| Actividades iniciais          | Presentación dos obxectivos, contidos e metodoloxías da materia. Introdución sobre o lugar no que se vai traballar, expoñendo os proxectos que se desenvolverán nel ao longo do cuadrimestre.   |
| Sesión maxistral              | Exposición oral, con apoio multimedia, dos contidos teóricos da materia, co obxectivo de trasladar coñecementos, fomentar o seu desenvolvemento e facilitar ao alumno a elaboración do traballo específico do Obradoiro. Estimulando a súa aprendizaxe autónoma.  |
| Proba obxectiva               | Desenvolvemento na aula dunha práctica que demostre de forma sintética as habilidades e competencias adquiridas polo alumno ao redor dos temas tratados no desenvolvemento dos exercicios de curso.<br><br>Esta proba poderá incluír preguntas sobre os temas tratados nas Clases Maxistrais.   |
| Discusión dirixida            | Técnica de dinámica de grupos en que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, ainda que poden estar coordinados por el profesor.  |
| Saídas de campo               | Visita ao lugar onde se desenvolverán os traballos do cuadrimestre. O obxectivo é a observación directa e sistemática do lugar, recollendo información, toma de datos, bosquejos, análise, etc.   |
| Obradoiro                     | O Obradoiro é a modalidade formativa básica da materia. Está orientado á aplicación de aprendizaxes nos que se poden combinar diversos métodos (prácticas individuais e en grupo, exposición dos traballos, debates e comentarios, así como a docencia individualizada).<br><br>A través do obradoiro, o alumnado desenvolverá os proxectos propostos, co apoio e supervisión do profesorado.<br><br>Aprendizaxe colaborativa: A clase organízase en pequenos grupos, onde os alumnos co profesor traballan convxuntamente para resolver as tarefas asignadas. Desta forma procúrase reunir e compartir a máxima información posible (toma de datos e medicións in situ, tratamiento infográfico da documentación obtida, análise da parcela, procura de exemplos, construcción da maqueta xeral do emprazamento, etc.). O obxectivo é optimizar a aprendizaxe.<br><br>Realizaranse exposicións orais complementarias sobre os temas teóricos correspondentes a cada fase do exercicio en curso, que permitirán ao alumno enfrentarse coa materia e desenvolver as prácticas do obradoiro.<br><br>Os resultados do Obradoiro, colectivos e individuais, formarán parte do Portafolio do alumno. |
| Análise de fontes documentais | Constitúe a recompilación e proceso de datos que o alumno elaborou a partir das sesións teóricas e das consultas en bibliotecas e outros arquivos.<br><br>Este traballo recollerase no Portafolio do alumno.  |
| Lecturas                      | Lectura crítica da bibliografía facilitada e da complementaria seleccionada polo alumno. Resumos e anotacións do lido sintetizando os contidos fundamentais e as principais ideas.<br><br>Este traballo recollerase no Portafolio do alumno.  |



|          |   |
|----------|---|
| Esquemas | <p>Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados coas reflexións persoais relativas ao proxecto arquitectónico: datos gráficos, imaxes, debuxos, referencias bibliográficas e apuntamentos. Vinculados aos lugares de traballo e ao desenvolvemento da cada un dos exercicios propostos.</p> <p>Este traballo recollerase no Portafolio do alumno.</p> |
|----------|---|

| Atención personalizada |   |
|------------------------|---|
| Metodoloxías           | Descripción   |
| Obradoiro              | <p>O profesor responsable do taller simultaneará o seguimento colectivo do grupo co de cada alumno, garantindo a evolución do proceso proyectual individual.</p> <p>Esta atención personalizada estenderase á docencia do Obradoiro compartido con outras materias.</p> |

| Avaliación                    |  |  |               |
|-------------------------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías                  | Competencias / Resultados  | Descripción  | Cualificación |
| Proba obxectiva               | A34 A37 C1 C3  | <p>A proba obxectiva consistirá nunha práctica que demostre de maneira sintética as habilidades e competencias adquiridas polo alumno ao redor dos temas tratados ao longo dos exercicios do curso.</p> <p>Esta proba poderá incluír preguntas sobre os temas tratados nas Clases Maxistrais.</p>  | 20            |
| Obradoiro                     | A34 A37 A39 A50<br>A53 A55 A56 A57<br>A63 B1 B2 B3 B6 B10<br>B12 C1 C3 C4 C5 C6<br>C7 C8 | <p>Proxectos 2 impartirase no Obradoiro ao longo de aproximadamente 30 encontros, dos cales 15 son de docencia compartida.</p> <p>Cualificarse a través dunha avaliación continua onde o alumno desenvolverá un traballo constante, con resultados parciais que mostren unha progresión ascendente. Os requisitos imprescindibles, ademais da calidade e a progresión ascendente do traballo de curso, son:</p> <p>1º. Ter entregados todos os exercicios nos prazos e forma indicados na materia.</p> <p>2º. Acreditar unha asistencia mínima, tanto ao obradoiro como á docencia compartida, do 80% en cada unha delas.</p> <p>O traballo persoal do alumno cualificarse a través de dous exercicios desenvolvidos durante o cuadrimestre, realizados no Obradoiro, recollidos no Portafolios.</p> | 80            |
| Análise de fontes documentais | A34 A37 A53 A55<br>A56 A57 B6  | Este traballo recollerase no Portafolios do alumno e avaliarase co traballo do obradoiro.  | 0             |
| Esquemas                      | A34 A37 A53 A55<br>A56 B6  | Este traballo recollerase no Portafolios do alumno e avaliarase co traballo do obradoiro.  | 0             |
| Lecturas                      | A34 A37 B1 B2 B3 B6  | Este traballo recollerase no Portafolios do alumno e avaliarase co traballo do obradoiro.  | 0             |

Observacións avaliación



Para superar a materia en primeira oportunidade é necesario cumplir os seguintes tres requisitos:

1\_Asistencia mínima do 80 % ás clases das materias.

2\_Ter todos os traballos do curso presentados en data de entrega e cun contido propositivo e completo, acorde ao cronograma da materia. Non se permitirá completar ou modificar os traballos da materia carentes do desenvolvemento suficiente fora da data de entrega.

3\_Realizar a proba obxectiva. Esta proba é eliminatoria, a cualificación mínima para aprobar a materia é apto.

Se non se cumpre un dos tres requisitos antes apuntados, a cualificación será de "Non presentado".

En caso de incumprir os dous primeiros requisitos, a segunda oportunidade manterá a cualificación de "Non presentado", ao non cumplir a condición de avaliación continua.

Non se admitirán ampliacións dos traballos entre primeira e segunda oportunidade.

Baremo na primeira oportunidade: -80% corresponde ao traballo desenvolvido durante o cuatrimestre. -20% corresponde á proba obxectiva.

Baremo na segunda oportunidade: -50% corresponde ao traballo desenvolvido durante o cuatrimestre. -50% corresponde á proba obxectiva.

#### Fontes de información

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía básica         | <ul style="list-style-type: none"><li>- ALEXANDER, Ch. (1980). Un lenguaje de patrones. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- ARNHEIM, R. (1979). Arte y percepción visual. Psicología del ojo creador. Madrid: Alianza Editorial</li><li>- CARERI, F. (2002). Walkscapes. El andar como práctica estética. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- DESPLAZES, A. (2010). Construir la Arquitectura. Del material en bruto al edificio. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- HERTZBERGER, H. (1991). Lessons for students in architecture. Rotterdam: 010 Publishers</li><li>- LE CORBUSIER. (2014). Mensaje a los estudiantes de arquitectura. Buenos Aires: Infinito</li><li>- McHARG, I. L. (1969). Design with nature. Garden City, Nueva York: Natural History Press</li><li>- NORBERG-SCHULZ, Ch. (1975). Existencia, espacio y arquitectura. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- PALLASMA, J. (2014). Los ojos de la piel. La arquitectura y los sentidos. Barcelona, Gustavo Gili</li><li>- RASMUSSEN, S. E. (2000). La experiencia de la arquitectura. Sobre la percepción de nuestro entorno. Madrid: Celeste</li><li>- TANIZAKI, J. (2017). El elogio de la sombra. Madrid: Siruela</li><li>- ZEVI, Bruno (1981). Saber ver la arquitectura. Barcelona: Poseidón</li><li>- LYNCH, K. (1998). La imagen de la ciudad. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- MARTÍ ARÍS, C. (1993). Las variaciones sobre la identidad. Barcelona: El Serbal</li><li>- MONEO, R. (2004). Inquietud teórica y estrategia proyectual. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- MONTANER, J. M. (2008). Sistemas arquitectónicos contemporáneos. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- NORBERG-SCHULZ, Ch. (1980). Genius Loci. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- ROWE, C. (1981). Ciudad collage. Barcelona: Gustavo Gili</li><li>- SOLÁ-MORALES, M. (1997). Las formas de crecimiento urbano. Barcelona: UPC</li></ul> |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"><li>-ABALOS, I. (2010). Naturaleza y artificio. Barcelona: Gustavo Gili.-CORTÉS, J.A. y MONEO, J.R. (1976). Comentarios sobre dibujos de 20 arquitectos actuales. Barcelona: ETSAB.-DE LLANO, P. (2006). Arquitectura popular en Galicia: Razón y construcción. Santiago de Compostela: Xerais.-GAUSA, M. et. al. (2002). Diccionario Metropolis de Arquitectura Avanzada. Barcelona: Actar.-KANDINSKY, Wassily (2007). Cursos de la Bauhaus. Madrid: Alianza Editorial.-KLEE, Paul (1972). Pedagogical sketchbook. Nueva York: Praeger Publishers.-LENAGHAN, P et al. (2016). Una mirada de antaño: Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia. A Coruña: Afundación, The Hispanic Society of America.-MUNARI, B. (2005). El arte como oficio. Barcelona: Idea Books.-MUNTAÑOLA Th., J. (2004). Arquitectura y contexto. Barcelona: UPC.-OTERO PEDRAYO, R. (2009). Paisaxe e cultura. Vigo: Galaxia.-VILLARES, R. (2004). Historia de Galicia. Vigo: Galaxia.-ALONSO PEREIRA, J.R. (2005). Introducción a la historia de la arquitectura. Barcelona: Reverté.-BALDELLOU, M.A. (1995). Arquitectura moderna en Galicia. Barcelona: Electa.</li></ul>  |

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Xeometría Descritiva/630G02003

Introducción á Arquitectura /630G02005

Debuxo de Arquitectura/630G02002

Análise de Formas Arquitectónicas/630G02007

Construcción 1/630G02010

Proxectos 1/630G02001

Xeometría da Forma Arquitectónica/630G02014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise Arquitectónico 1/630G02012

Materias que continúan o temario

Proxectos 3/630G02011

Observacións

Condicións específicas relativas á mobilidade para alumnos saíntes e entrantes:

Dado que o curso de Proxectos 2 persigue unha evaluación continua para todos os alumnos inclusive aqueles que se atopen en mobilidade, saínte ou entrante, rexerán as mesmas condicións de evaluación para todo alumnado sen perxuicio de que se preste atención específica ao alumnado entrante por causa lingüística ou diferenzas manifestas entre a escola de orixe e destino.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías